




CIRCULAR 231

INFORMATIVA

XULLO / AGOSTO 2011

SEMINARIO GALEGO
DA INTERVENCIÓN SOCIAL

XORNADAS DA SECCIÓN
DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

XVI XORNADAS DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

II XORNADAS GALEGAS DE PSICOLOXÍA
DO TRÁFICO E SEGURIDADE

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Ana Mª Fieira Nogareda

Vogal / Vogalía do Social



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 232 de setembro/outubro de 2011,
e sairá a principios do mes de novembro de 2011.

A información terá que ser remitida como data límite o 15
de outubro de 2011, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos
terán que empezar a partir de decembro de 2011 inclusive.

5	Información Xeral
8	Información das Seccións
17	Grupo de Tráfico e Seguridade
19	Comisión de Ética e Deontoloxía
21	Últimos colexiados/as de Galicia
24	Cursos, xornadas e congresos

Editorial

A psicoloxía da Actividade Física e o Deporte é un área da psicoloxía aplicada que ten por obxecto o estudo do comportamento no ámbito da Actividade Física e do Deporte. O noso traballo desenvólvese en ámbitos tan diferentes pero tan próximos como o deporte de alto rendemento, o deporte de base e o deporte de ocio, saúde e tempo libre.

É evidente que para lograr o máximo rendemento en calquera deporte é necesario facer previamente adestramentos físicos durante un longo período de tempo. O que as veces non é tan evidente, ou tan coñecido, é que é preciso facer adestramentos psicolóxicos dirixidos e/ou asesorados por profesionais da psicoloxía. ¿Porqué se non con frecuencia escoitamos que a un equipo de fútbol lle pode a presión ante os grandes ou que a un atleta lle falta confianza para obter mellores resultados? Falamos tamén de que Rafa Nadal ten unha grande fortaleza mental ou que os éxitos da actual campiona do mundo, a selección de fútbol española, débense a gran cohesión do equipo. Control da presión, confianza, fortaleza mental, cohesión de equipo xunto con outras como a motivación ou a concentración son variables psicolóxicas con gran influencia no rendemento deportivo. O que é importante ter en conta que da mesma forma que non podemos adestrar a velocidade, a forza ou a resistencia nun día ou nunha semana tampouco podemos ou debemos adestrar a parte psicolóxica de forma tan puntual. O adestramento psicolóxico debe ser parte dunha planificación ao longo da tempada e coordinado co adestramento físico, técnico e táctico.

¿E que pasa coas persoas que non teñen obxectivos deportivos pero si de saúde? ¿Qué é o que motivou a algúns a comezar a facer exercicio físico e a outros non? ¿porque algúns mantéñense nesa práctica e outros non? Por non falar do exercicio físico como complemento a outras terapias sen doenzas como a depresión.

A figura dos profesionais da psicoloxía da actividade física e o deporte é unha figura xa consolidada en moitos contextos. Non é estraño xa ver estes profesionais desenvolvendo funcións de asesoramento, de intervención ou de investigación. É certo tamén que non foi unha competición doada e que aínda continuamos superando obstáculos mais a liña de meta está cada vez máis preto.

A recente creación da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte permitíranos, sen dúbida algunha, continuar co traballo feito mais tamén regular e organizar a nosa práctica profesional.

Podemos concluír que a Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte ten unha xa grande historia e presenza no ámbito aplicado e de investigación. A creación da División Estatal de Psicoloxía do Deporte é unha necesidade tanto para os Colexios Oficiais de Psicoloxía como para os propios profesionais da área que permita regular á nosa actividade.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

AVISO

Desde o pasado 1 de xullo de 2011 unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Recordámosvos a aqueles que non o fixeron que nos debes facilitar o correo electrónico. No caso de que non dispoñas de conta de correo electrónico o COPG pode facilitarche unha aloxada no propio servidor do Colexio.

Máis información no apartado de novas da páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
copgalicia@cop.es

Relacións institucionais

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantiveron unha reunión o 27 de xuño coa Directora Xeral de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, Ethel Vázquez Mourelle coa fin de tratar a inclusión dos aspectos psicolóxicos nas accións a desenvolver por parte da Xunta de Galicia no Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015.



Eva Muíño Gómez

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia demanda da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia o mantemento de dous postos de traballo de Titulado Superior Psicólogo/a no novo CAPD (Santiago Apostol) da Coruña.

En representación do Colexio

A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou na presentación da campaña “Eu digo non á discriminación” da Asociación Colega Galicia celebrada o pasado 28 de xuño en Santiago de Compostela.



Mª Rosa Álvarez Prada

A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu o pasado 23 de xuño á presentación oficial da Fundación Irene Megías contra a Meninxite que tivo lugar en Santiago de Compostela.

A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao debate final sobre o Proxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa que tivo lugar o pasado 28 de xuño no Parlamento de Galicia.

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu en calidade de invitada á reunión da Junta de Goberno do Consejo General de COP, que se celebrou o 2 de xullo en Madrid.

O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, acudiu á reunión da Junta General do Consejo General de COP, que se celebrou o 2 de xullo en Madrid.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia propúxose á José Luís Domínguez Rey, Vogal da Xunta de Goberno e Coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, como candidato á División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH). Foi elixido en Junta General do Consejo General de COP o 2 de xullo en Madrid para formar parte da coordinadora desta división.



Hipólito Puente Carracedo



José Luis Domínguez Rey

IV concurso literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “Rosa de Cen Follas”

Na súa reunión do 30 de xuño os membros do xurado do IV Concurso Literario do COPG “Rosa de Cen Follas”, acordaron por unanimidade outorgar, de entre un total de 36 obras literarias, o premio a Rosibel Carolina Palomera Martín pola obra *O cantábrio*, na modalidade de poesía, e a María Martínez Barcala por *A cadea das almas perdidas*, na modalidade de Narrativa.



Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Desde o COPG difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita coma audiovisual, o comunicado “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pide á Consellería de Traballo e Benestar que se manteñan as dúas prazas de psicólogo/a no Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apostol da Coruña”. 27 de xuño de 2011.

Foi requirida a participación do COPG nos seguintes medios de comunicación:

- Radio Galega, o 6 de xullo, tratáronse diferentes puntos da psicoloxía educativa. Manuela del Palacio García, Vicepresidenta da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.
- La Voz de Galicia, o 10 de xullo, sobre a comunicación de malas novas. Ana Isabel Martínez Arranz, Coordinadora do GIPCE.
- Televisión de Galicia, o 4 de xullo, sobre o *estres* e a ansiedade ao mercar unha vivenda e ter unha hipoteca en época de crise. Manuel Castro Bouzas, Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.
- La Voz de Galicia, o 10 de xullo, sobre a influencia dos videoxogos nos nenos e nenas. Manuela del Palacio García, Vicepresidenta da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.
- Televisión Española (TVE), o 21 de xullo, onde se analizou a relación entre os xogos do rol e o incremento de actos violentos. Rosa Cerqueiro Landín, Secretaria da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.
- Onda Cero, o 1 de agosto, sobre o *estres* posvacacional. Xavier Sardiña Agra, Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.
- Radio Galega, o 11 de agosto, sobre o aumento en Galicia dos divorcios e as posibles causas/efectos psicolóxicos. Juan Daponte Codina, psicólogo mediador do equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Xornadas da Sección

As XVI Xornadas da Sección de Psicología Clínica do Colexio Oficial de Psicología de Galicia celebraranse baixo o título “A práctica clínica” os vindeiros 18 e 19 de novembro no Auditorio de Cangas, Pontevedra. Os comités están compostos por **M^a Dolores González Cabaleiro** e **Estrela Gómez González**, Presidenta e Vogal do Comité Organizador respectivamente, e por **Maximino Portela Freire** e **Irene Esperón Rodríguez**, como Presidente e Vogal do Comité Científico.

Habrá un apartado para a presentación de pósteres. Os interesados e interesadas poden consultar as bases para a presentación dos pósteres na sección de novas de Psicología Clínica na páxina web do Colexio:
<http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=41>

O programa que detalla participantes e actos, que se remitirá en breve aos colexiados e colexiadas, contempla as seguintes actividades:

INFORMACIÓN DAS SECCIONS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.



Momento das XV Xornadas de Psicología Clínica. Tratando coa persoa con psicose, celebradas en Allariz o 26 e 27 de novembro de 2010.

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.

Venres 18 de novembro

OBRADOIROS PRE-XORNADAS (simultáneos):

Estes obradoiros previos ás Xornadas son independentes das mesmas, polo que non é preciso estar inscrito nas Xornadas para poder inscribirse. Deberán contar cun mínimo de dez asistentes e un máximo de vinte.

Se algún dos obradoiros non acadara o mínimo de dez asistentes, quedará anulado unha semana antes das Xornadas procedendo a comunicarllo aos/ás inscritos/as que poderán optar ao reembolso do custe do obradoiro.

- ☐ Opción A: Análise funcional.
- ☐ Opción B: Abordaxe do Trastorno Límite de Personalidade (TLP).
- ☐ Opción C: Habilidades e estratexias en psicoterapia “Psicoterapia ecléctica personalizada”.
- ☐ Opción D: Obradoiro introdutorio de Gestalt.

XORNADAS

- ☐ Acto inaugural. Ás 16.15 horas.
- ☐ Conferencia inaugural “Indicadores para avaliar a efectividade da psicoterapia”. Ás 16.30 horas.
- ☐ Presentación de pósteres. Ás 17.45 horas.
- ☐ Mesa Redonda: ¿Que fai o/a psicólogo/a cando fai clínica?. Ás 18.15 horas
- ☐ Asemblea de Socios/as da Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Ás 20.00 horas en primeira convocatoira e ás 20.30 en segunda.
- ☐ Cea oficial das Xornadas. Ás 22.00 horas.

Sábado 19 de novembro

- ☐ Mesa redonda II “A práctica da Psicoloxía Clínica segundo o ámbito de actuación: público, privado, concertado”. Ás 10.00 horas.
- ☐ Conferencia de clausura “Deontoloxía, implicacións prácticas”. Ás 12.30 horas.
- ☐ Entrega do premio ao mellor póster e acto de clausura. Ás 13.30 horas.

Formación

A Sección está traballando na programación da docencia do próximo ano que estará centrada en gran parte na práctica da Psicoloxía Clínica Infanto-Xuvenil.

Lembrarvos que podedes dirixir as vosas suxestións á Sección de Psicoloxía Clínica do COPG sobre as temáticas para a realización de novos cursos.

Grupo de Traballo en Psicoterapias

Rematada a primeira etapa do 2005-2009, o Grupo de Investigación sobre Procesos e Resultados en Psicoterapia segue investigando nas variables claves no proceso psicoterapéutico e pretenden estender ao maior número posible de profesionais do campo clínico o uso sistemático do protocolo de avaliación da práctica diaria como un procedemento de control da calidade das nosas intervencións. As persoas interesadas en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa coordinadora, **Mª Soledad Filgueira Bouza**, a través do seu correo electrónico: MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es

Revista oficial da Sección

Comunicámosvos que o próximo número do Anuario incluírá un apartado de casos clínicos. Os/as interesados/as poden facernos chegar o texto para a súa publicación en formato Word a través do correo do Colexio, indicando que vai dirixido ao Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica.

Os Anuarios publicados ata agora pódense consultar no apartado de publicacións da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG no enlace <http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40>

Actualización de datos dos membros da Sección.

A Xunta Directiva da Sección segue a actualizar a información sobre datos de contacto e perfís profesionais dos membros da mesma. Para facilitar este labor animámosvos a enviar os vosos e-mails.

Rexistro de Psicólogos/as Especialistas en Psicología Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio, debedes aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Xornadas da Sección de Psicología Educativa. “Habilidades Sociais: para Mellorar a Convivencia”

Os vindeiros 28 e 29 de outubro de 2011 terán lugar as xornadas da Sección de Psicología Educativa na Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela.

Estarán dedicadas ás **habilidades sociais como factores determinantes dunha boa convivencia**.

Contaremos coa colaboración de expertos/as profesionais cun amplo coñecemento e experiencia neste campo:

- ▣ **José Melero Martín**, é Psicólogo, Pedagogo e traballa como Orientador nun IES de Málaga. Tamén é autor, entre outros moitos, dun dos primeiros libros que con datos nacionais se publicaron en España sobre un tema que ata entón apenas tiña repercusión: A conflitividade escolar. A elaboración de “*Conflictividad y violencia en los centros escolares*” (1993) levouno a especializarse en estratexias para a resolución de conflitos que José Melero ensina agora aos/as profesionais que traballan na mellora das relacións interpersoais ou desempeñan a súa labor no

campo educativo así como a profesionais que desexan reciclarse para afrontar de maneira eficaz os novos retos que nos presenta a sociedade.

▣ **José Manuel Fariñas Darriba**, Psicólogo. Traballa como Técnico de Prevención en Drogodependencias. Posúe unha gran experiencia no desenvolvemento de “Escola de Pais e Nais” así como na impartición de cursos a adolescentes nos centros educativos.

▣ **Bibiana Camaño Rodal**, Psicóloga, membro da Asociación Chisem, composta por profesionais na súa maior parte psicólogos/as con experiencia, que desenvolve un ambicioso proxecto de traballo no eido da actual problemática psicosocial. Profesionais entre os cales se atopa Bibiana, cualificados/as no traballo da prevención e intervención psicolóxica coa mocidade, o profesorado, pais e nais, etc. Entre os seus obxectivos atópanse: desenvolver tarefas de prevención promovendo as capacidades de persoas e grupos, implementar programas educativos e preventivos para nenos/as e adultos...



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Seminario Galego de Intervención Social e Asemblea Anual da Sección

O sábado 1 de outubro, ás 09:30 horas en primeira convocatoria, terá lugar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela a Asemblea Anual de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía da Intervención Social. A continuación terá lugar o Seminario Galego de Intervención Social no que contaremos coa presenza dos seguintes conferenciantes:



Momento da Asemblea Xeral de socios e socias da Sección celebrada no ano 2010

▣ **Pilar Martínez de Benavides**, Coordinadora e Psicóloga na Fundación Lesmes en Burgos que impartirá a conferencia: Centro de integración social. Un modelo de inclusión no traballo da poboación sen fogar.

▣ **Unai Díaz Orueta**, Psicólogo. Investigador da Fundación Instituto Gerontológico Matia de Donostia– INGEMA coa conferencia: Envellecemento activo e prevención da dependencia.

▣ **Javier Martín Hernández**, Psicólogo. Técnico do Servizo de Familia e Menores de Vigo que impartirá a conferencia: Intervención con familias e menores en risco.

Esta actividade está dirixida a todos e todas as profesionais que traballan ou están interesados/as no eido da Psicoloxía da Intervención Social.

Nesta mesma xornada celebraranse ás eleccións á Xunta Directiva da Sección.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Eleccións á División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos do Consejo General de COP

O pasado 30 de xuño tivo lugar o proceso de selección das tres vocais para formar parte da Coordinadora da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH). O Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos na súa Junta General de 2 de xullo, elixiu ás vogalías restantes entre as persoas de recoñecido prestixio a proposta dos colexios autonómicos.


A Coordinadora da División quedou constituída por **Francisco Sánchez Eizaguirre** (COP Las Palmas), **Pilar del Pueblo López** (COP da Comunitat Valenciana), **Luis Picazo Martínez** (COP Madrid), **Carmen Santos Chocan** (COP Cataluña), **José Luis Domínguez Rey** (COP Galicia) e **Manuel Vilches Nieto** (COP Andalucía Oriental).

O proceso de inscrición á División segue aberto

O pasado mes de marzo iniciouse o proceso de inscrición á “División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH)”. Os colexiados e colexiadas das distintas seccións de PTO dos colexios territoriais poden incorporarse á División.

Recordamos que os membros da sección de PTO do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que aínda non se afiliaran poden facelo a través de <http://www.cop.es/ptorh> onde se atopará información e formulario para facelo. Con data de agosto as solicitudes de inscrición na División por colexios é a que segue:

Colexio	Nº de solicitudes	Colexio	Nº de solicitudes
Álava	3	Galicia	50
Andalucía Occidental	30	Gipuzkoa	2
Andalucía Oriental	39	Illes Balears	15
Aragón	9	Madrid	209
Bizkaia	16	Melilla	1
Cantabria	2	Navarra	11
Castilla-La Mancha	2	Las Palmas	18
Castilla y León	30	Principado de Asturias	9
Catalunya	90	Región de Murcia	24
Ceuta	0	La Rioja	10
Comunitat Valenciana	169	Santa Cruz	
Extremadura	5	de Tenerife	3



Grupo de Traballo de Saúde Laboral

O vindeiro 22 de outubro terá lugar o Encontro de PTO de colexiados e colexiadas para impulsar un grupo de traballo na saúde ocupacional positiva. Co obxectivo de potenciar o papel da psicoloxía do traballo, organizacións e dos recursos humanos na promoción da saúde ocupacional e a calidade de vida laboral especialmente no ámbito da prevención de riscos psicosociais, perfilar actuacións na área de investigación aplicada, na identificación de boas prácticas e na xestión de

[illegible]

O 11 e 12 de outubro celebrárase en Barcelona, organizado polo Col·legi Oficial de Psicòlegs de Catalunya, baixo os auspicios do Consejo General de COP, a Psicofundación e a Universidad Autónoma de Barcelona, o 1st International Congress of Coaching Psychology Spain. Máis información en <http://coaching.psychology.congress.spain.copc.cat/index.php/es/>



Formación

15

soas que quedaron sen poder asistir. E o 25 de novembro e 16 de decembro témolo reservado para **formación interna da sección**.

Recordamos ás socias e socios da sección que desexen participar, ben como formadores ou facendo propostas para os cursos de formación interna que nos acheguen as súas propostas por correo electrónico ao COPG.

Listado de Peritos

Por outra parte, volvemos a comentar que estamos a traballar na **actualización do regulamento da quenda de oficio** desde a Xunta Directiva da Sección, e os resultados das achegas que se fagan presentaranse na vindeira Asemblea de Socios/as da Sección, para que entre os/as asistentes se aproben ou non as modificacións propostas. Desde aquí faise unha proposta aos peritos e peritas que asistan ao curso de formación do día 16, para que nos fagan chegar as súas propostas de modificacións do regulamento ou suxestións do tipo que sexa respecto ao listado, para poder telas en conta na vindeira reunión da Xunta Directiva de Xurídica que será para o mes de outubro.



XURÍDICA

D. Pedro Trepát Silva

Tfno.: 981 597 611

[Xoves de 16.30 a 20 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas

a través do fax: 981 595 240 ou da páxina

web: www.trepataogados.com

apartado de consultas on-line

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Xornadas de concienciación

Durante o mes de xuño e principios de xullo levouse a cabo o desenvolvemento do primeiro dos grupos en formato Grupo Grande, no centro sociocultural e xuvenil municipal O Ensanche de Santiago de Compostela, coa asistencia dun total de 40 persoas penadas por delitos relacionados co tráfico.

Tal e como se lle manifestara no seu momento a Institucións Penitenciarias as nosas dúbidas en canto a dificultade de acadar os mesmos obxectivos que os grupos pequenos, así concluíron os seis profesionais da psicoloxía que interviñeron neste grupo que realizaron unhas valoracións moi críticas no sentido de non acadar o cambio de actitudes nunha porcentaxe bastante elevada de asistentes.

O obxectivo final das intervencións deste ano nos dous formatos é precisamente dispoñer de datos para realizar unha comparativa de resultados de cara a seguir demandando intervencións máis individualizadas.

II Xornadas Galegas de Psicoloxía de Tráfico e Seguridade

Procedeuse ao envío do avance do programa das II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade “As persoas, factor decisivo” quedando aberto o prazo de inscrición ata o día 16 de novembro. Solicítase aos colexiados e colexiadas interesadas procedan á inscrición para non deixalo para o derradeiro momento, indicación especificamente dirixida aos membros do Grupo de Tráfico e Seguridade.

PUBLICIDADE

 Formación en Tráfico e Seguridade HOMOLOGADO POLA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIÓNS DE TERAPIA FAMILIAR EFTA, MEMBERSHIP	PSICOESTUDIO KARMA Telf: 986 295 621 Telf: 986 471 439 Aptdo. de Correos 1621 Vigo e-mail: psicoestudio@psicoestudio.com www.formacioncambiovigo.com Grupos reducidos Seminarios con especialistas Prácticas in vivo supervisadas Horarios e contidos adaptados ao alumno/a ou profesional interesado/a	equipo de formación e supervisión: José Manuel González Alonso Celia Cameselle Taboada José Antonio Muñiz Torrado Manuel Lopo Lago colaboradores asociados: Emilio Gutiérrez García (Unidade Venres Clínico Universidade Santiago de Compostela) José Luis Rodríguez-Arias Palomo (Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)
--	--	---

CIRCULAR

INFORMATIVA



Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Información Comisións

Información Grupos

Comisión de Ética e Deontoloxía

Actividades culturais

Últimos Colexiados/as

Código Deontolóxico

Publicacións-Biblioteca

Avisos


Cursos, Xornadas e Congresos

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuïto reservado para que os/as Colexiados/as poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.



O dereito á información dos pais

O Código Civil sinala que “a patria potestade exercerase conxuntamente por ambos proxenitores ou por un só co consentimento expreso ou tácito do outro” (art. 156). Ambos teñen o mesmo dereito e obrigaón a decidir polo ben do interese superior dos fillos e fillas e, en consecuencia, a estar informados para poder facelo. O dereito á información de ambos proxenitores ven recollido nos artigos 25 e 42 do Código Deontolóxico dos psicólogos e psicólogas.

Na práctica case nunca supón conflito ético porque, ou ben acoden ambos proxenitores acompañando ao menor ou, se acode só un deles, pode supoñerse que o fai contando coa aprobación expresa ou tácita do outro. Tal e como apunta o Código Civil “[...] respecto a terceiros de boa fe, presumirase que cada un dos proxenitores actúa no exercicio ordinario da patria potestade co consentimento do outro.” (art. 156).

Os problemas plantexanse cando o/a psicólogo/a ten que intervir na situación do conflito familiar onde conflúen os intereses contrapostos dos proxenitores. Nestas circunstancias o Código Deontolóxico do/a psicólogo/a pide “máxima imparcialidade” (Art. 15).

Os pais teñen a obrigaón de exercer a patria potestade na defensa do benestar do/a menor. Da mesma maneira, as psicólogas e psicólogos teñen a obriga de exercer a súa profesión para defender o superior interese da menor. A teoría é clara; a práctica non. Con frecuencia os/as profesionais teñen que intervir en situación que plantexan diversos conflitos éticos. Todos e todas teñen que decidir para protexer o ben superior do menor, pero...

❑ Cando hai diferentes interpretacións no conflito do que significa o ben do/a menor ¿cal seguir? ¿Quen está nas mellores condicións de valoralo? ¿a nai ou o pai? En situacións de conflito é pouco frecuente que as opinións do pai e da nai coincidan... ¿Tal vez entón deberían decidir os/as profesionais? Para ben ou para mal, nestes casos, como en moitos outros, nin sequera os/as propios/as profesionais soen pórse de acordo entre si sobre o que é mellor para o/a menor.

❑ O ben do/a menor, ¿acaso non debe coincidir co ben de cada un dos pais por separado e o de ambos en conxunto? ¿ou pode defenderse desde algún punto de vista que o bo para un/unha menor sexa prexudicar, denotar a un calquera dos seus proxenitores ou a ambos? ¿a maior interese do/a menor non é, probablemente, a resolución estable do conflito entre os pais? E unha solución ¿acaso non é mais estable canto máis conforme quedan todas as partes en litixio? ¿o simple feito de que os pais estean en conflito, non supón antepoñer á defensa das propias posicións ao superior interese do/a menor?

Demasiadas preguntas que expresan conflitos éticos que os/as psicólogos/as teñen que resolver na súa práctica profesional. Afortunadamente, en Psicoloxía sóese dispor de tempo para tomar estas decisión e, a miúdo, o/a profesional actúa de modo reflexivo.

Cando unha psicóloga ou psicólogo ten que intervir ou valorar a un/unha menor que acode acompañado por só un dos proxenitores, unha forma de previr futuros conflitos éticos é preguntar si o outro está informado e, ademais, de acordo en que se realice a valoración/intervención psicolóxica. Cando ambos pais comparten a patria potestade é obrigatorio que ambos estean informados. A obriga de informar recae sobre o proxenitor que solicita a intervención psicolóxica. O/a psicólogo/a pode e, seguramente, debe facer recomendacións neste sentido.

A xuízo do/a profesional, queda determinar, tanto se é preciso –ademais de conveniente– obter o consentimento de ambos proxenitores para a súa intervención teña alta probabilidade de chegar a bo porto e que esforzos suplementarios pode facer neste sentido; como si se dan ou non as condicións mínimas para realizar o seu traballo coa “máxima imparcialidade” que expresa o Código Deontolóxico no seu artigo 25.

**ÚLTIMOS/AS
COLEXIADOS/AS
DE GALICIA**

G-4405	Mata Hermida, Paula
G-4406	León Lamela, Raquel
G-4407	María Pazos Calvo, María
G-4408	Rodríguez Porto, Liliana
G-4409	Sampedro López, Mónica
G-4410	Doval González, Pilar
G-4411	Moreno Valenzuela, Yésica Guadalupe
G-4412	Rodríguez López, Estela
G-4413	Mayo Pais, María Emma
G-4414	Lastra Rodríguez, Thara María
G-4415	De la Cueva López-Chaves, Fernando
G-4416	González Dávila, José María
G-4417	Freijomil Garrido, Antonio
G-4418	Pego Folgar, María del Rocío
G-4419	Barbado Puertas, Bárbara
G-4420	Aldo Prieto, Pamela
G-4421	Tubio Lafño, Silvia
G-4422	González Oviedo, Alba
G-4423	Basanta Regodesebes, Esther
G-4424	Vázquez Puga, Carla
G-4425	Pastor Novo, Cristianina
G-4426	Fernández Cozar, Rebeca
G-4427	Martínez Monteagudo, Elena
G-4428	Silva Ricoy, Isabel

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

A información que aparece neste apartado ten que ser remitida ao COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SEMINARIO GALEGO DE INTERVENCIÓN SOCIAL

Datas: 1 de outubro de 2011

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es

XVI XORNADAS DE PSICOLOXÍA CLÍNICA DO COPG “A PRÁCTICA CLÍNICA”

Datas: 18 e 19 de novembro de 2011

Lugar: Cangas

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es

XORNADAS DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA “HABILIDADES SOCIAIS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA”

Datas: 28 e 29 de outubro de 2011

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es

II XORNADA GALEGA DE PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E SEGURIDADE “AS PERSOAS. FACTOR DECISIVO”

Data: 26 de novembro de 2011

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza e informa: Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es

**CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE MELLORA
EDUCATIVA E CIDADANÍA CRÍTICA:
RECURSOS, ESTRATEXIAS E EXPERIENCIAS**

Datas: 13, 14 e 15 de outubro de 2011

Lugar: Castellón

Organiza e informa: Universitat
Jaume I de Castelló

Web: www.fue.uji.es/ciudadaniacritica

TALLER DE CONSTELACIÓNS FAMILIARES

Datas: 1 e 2 de outubro

Lugar: Vigo (Hotel Ensenada)

Organiza e Informa: Sanamente, Centro
de Psicoloxía. R/ Príncipe 57, 4º Esq. Vigo
Tfno.: 986 389 270

Web: www.sanamente.es

**¿FACÉMOLO? NOVAS FORMAS
DE PARTICIPACIÓN NA VIDA PÚBLICA**

Datas: 6 e 7 de outubro de 2011

Lugar: Bilbao

Organiza e Informa: Edex

Fernández del Campo, 16 - Bilbao

Tfno.: 944 275 706. E-mail: secretaria@edex.es

**1ª XORNADA DE NEUROPSICOLOXÍA
E REHABILITACIÓN NEUROCOGNITIVA
EN DROGODEPENDENCIAS**

Data: 21 de outubro de 2011

Lugar: Vigo

Organiza: Concello de Vigo, Concello
de Ribeira, Consellería de Sanidade e
Universidade de Cádiz

Información e inscrición: Oficina Técnica
do Plan Local de Drogodependencias
e outras Adicións do Concello de Vigo
Rúa da Quintela, 31. 36209 Vigo
Tfno.: 986 276 008. Fax: 986 244 672
E-mail: pilda@vigo.org

XORNADAS SOBRE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

Datas: 13,14 e 15 de outubro

Lugar: Logroño

Organiza e informa: Delegación do CEAPAT
do Centro de Recuperación de Persoas
con Discapacidade Física de Laredo
Tfno.: 921 448 113 (ext. 42581)

Web: www.crmflardero.com

**III CONGRESO NACIONAL DA FEDERACIÓN
EMPRESARIAL DE ASISTENCIA A LA
DEPENDENCIA (FED). VI CONGRESO
INTERNACIONAL DA EUROPEAN CONFEDERATION
OF CARE HOME ORGANISATIONS (ECHO)
E I ENCONTRO IBEROAMERICANO
DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA**

Datas: 20, 21 e 22 de outubro de 2011

Lugar: Valencia

Organiza e informa: Federación Empresarial
de Asistencia á Dependencia e European
Confederation of Care Home Organisations
Tfno.: 902 212 020

Web: www.congresofed2011.com

**V EDICIÓN DO CURSO DE FORMACIÓN
EN PSICOTERAPIA EMOCIONAL
DE INTEGRACIÓN CORPO-MENTE**

Datas: do 8 de outubro de 2011
a xuño de 2012

Lugar: Ourense

Docentes: Jerónimo Bellido Pérez
e David García Díez

Organiza e Informa: Instituto Wilhelm
Reich – Galicia. Rúa da Paz, 7, 2º - 32005
Ourense. Tfno.: 988 24 29 64
E-mail: davidgad@hotmail.com
Web: www.institutowilhelmreich.com

**PSICODRAMA E TRANSFORMACIÓN PERSOAL
E SOCIAL. XXVI REUNIÓN NACIONAL
DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PSICODRAMA**

Datas: 7, 8 e 9 de outubro

Lugar: Santander

Organiza: Asociación Española de Psicodrama

E-mail: secretaria@aep.fidp.net

**ENCUNTRO NACIONAL SOBRE DIAGNÓSTICO
PRECOZ DA XORDEIRA INFANTIL
"DA DETECCIÓN Á INCLUSIÓN"**

Datas: 20 e 21 de outubro de 2011

Lugar: Madrid

Organiza: Confederación española de familias
de persoas xordas (FIAPAS)

Informa: SIASA CONGRESOS, SA

Pº de la Habana, 134. 28036 Madrid

Tfno.: 914 574 891. Fax: 914 581 088

E-mail: marías@siasa.es. Web: www.fiapas.es

FORMACIÓN EN PSICODRAMA (125 horas)

Datas: de outubro de 2011 a xullo de 2012

Lugar: A Coruña

Docentes: Rosa Rey e Concepción Domínguez

Organiza e informa: Escuela Gallega
de Psicodrama (EGS)

E-mails: rosarey@mundo-r.com /

abanoconsulta@yahoo.es /

Rosa.Rey.Pousada@sergas.es

**MÁSTERES ORGANIZADOS POLO
CENTRO DE TERAPIA ESTRATÉXICA**

Avd. Industria 8-1º Planta,-1ª

28108 Alcobendas. Tfno.: 916 618 691

Fax: 916 619 070. E-mail: info@centrodetera-
piabreveestrategica.org

Web: www.centrodeterapiabreveestrategica.org

5% de desconto aos/as colexiados/as

**MÁSTER EN TERAPIA BREVE
ESTRATÉXICA – 4ª edición**

Datas: do 4 de febreiro de 2012

ao 15 de decembro de 2012

Lugar: Madrid

**MÁSTER EN TERAPIA BREVE
ESTRATÉXICA – 11ª edición**

Datas: do 1 de outubro de 2011

ao 8 de xullo de 2012

Lugar: Barcelona

**MÁSTERES ORGANIZADOS POLO CENTRO
DE ESTUDOS AVANZADOS EN COMUNICACIÓN
E PROBLEMA SOLVING ESTRATÉXICO**

Avd. Industria 8-1º Planta,- 1ª

28108 Alcobendas. Tfno.: 916 618 691

E-mail: info@problemsolvingestrategico.com

10% de desconto aos/as colexiados/as

**MÁSTER EN COMUNICACIÓN, PROBLEM SOLVING
E COACHING ESTRATÉXICO – 9ª edición**

Datas: do 22 de outubro de 2011

ao 12 de febreiro de 2012

Lugar: Madrid

**MÁSTER EN COMUNICACIÓN, PROBLEM SOLVING
E COACHING ESTRATÉXICO – 5ª edición**

Datas: Do 15 de outubro ao 19 de febreiro
de 2012. *Lugar:* Barcelona

CURSO DE FORMACIÓN EN TERAPIA GESTALT
(170 horas)

Datas: do 12 de novembro de 2011
ao 21 de outubro de 2012

Lugar: Santiago de Compostela

Docentes: Ramiro Díaz, Rosa Gaztelumendi
e Esther Beiztegui

Organiza e informa: PAÑÑA. Psicología huma-
nista. Escola de formación en terapia gestalt
Avda. de Lugo, 209-Entrechán. 15703 Santia-
go de Compostela. Tfños.: 981 941 951 /
656 397 742. E-mail: cpsgestalt@yahoo.es
Web: www.gestaltgalicia.es

**MÁSTER DESENVOLVEMENTO INFANTIL
E ATENCIÓN TEMPERÁ** (615 horas)

Datas: De outubro de 2011 a decembro de
2012. *Lugar:* Valencia

Organiza e informa: Fundación Universitat
Empresa (Universitat de València)

Plaza Virgen de la Paz, 3. 46001 Valencia
Tfño.: 963 262 600. Fax: 963 262 700
E-mail: formacion.adeit@uv.es

Web: www.adeit.uv.es/postgrado/11711010

**ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA
ESCOLA DE TERAPIA GESTALT IPG**

Francisco Silvela, 71-1º. 28028 Madrid
Tfño.: 913 000 321 / 669 035 344

E-mail: info@escuelagestalt.es

Web: www.escuelagestalt.es

FORMACIÓN DE TERAPEUTAS EN GESTALT

Datas: de outubro de 2011 a outubro de
2012. *Lugar:* Madrid. *Docente:* Ángeles Martín
González

**INTRODUCCIÓN Á TERAPIA SISTÉMICA
CONSTRUCTIVISTA**

Datas: Novembro de 2011

Lugar: Madrid. *Docente:* Norma Mollot

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO GRUPO LURIA
Zurbaran, 14 Bajo Dcha. 28010 Madrid
Tfño.: 913 101 455/06

**ESPECIALISTA E EXPERTO/A EN TERAPIA
DE CONDUTA PARA ADULTOS**

Datas: De outubro de 2011 a xuño
de 2013 para a modalidade de especialista
e de Outubro de 2011 a xuño de 2012
para a modalidade de experto
Lugar: Madrid

**EXPERTO/A EN TERAPIA DE CONDUTA
INFANTO-XUVENIL**

Datas: De Outubro de 2011 a xuño de 2012
Lugar: Madrid

CURSO DE HIPNOSE CLÍNICA DURACIÓN
(40 horas)

Datas: De outubro de 2011
a febreiro de 2012

Lugar: Madrid

Docente: Isidro Pérez Hidalgo

Organizan: CHC Psicólogos e a Sociedade
Hipnolóxica Científica

Tfño.: 915 554 077 / 915 971 090

E-mails: chcpsico@correo.com.es /
chcpsico@chcpsico.com

**ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FUNDACIÓN
VASCA PARA A INVESTIGACIÓN EN SAÚDE MENTAL**

Ramón y Cajal, 2 bis 4º dta. 5. 48014 Bilbao

Tfnos.: 616 847 963 / 944 223 824 /

696 247 531 / 944 439 138

E-mails: omie@gundaionomie.org /

latienza@euskalnet.net

Web: www.fundacionomie.org

**CURSO SOBRE GRUPOS, FAMILIA E
GRUPOS MULTIFAMILIARES EN ADULTOS**

Datas: 21, 22 e 23 de outubro; 16, 17
e 18 de decembro de 2011; 24, 25 e 26
de febreiro e 27, 28 e 29 de abril de 2012

Lugar: Barcelona

**CURSO SOBRE GRUPOS, FAMILIA E GRUPOS
MULTIFAMILIARES EN ADOLESCENTES E MOZOS/AS**

Datas: 18, 19 e 20 de novembro de 2011;
27, 28 e 29 de xaneiro; 23, 24 e 25 de marzo
e 27, 28 e 29 de abril de 2012. *Lugar:* Bilbao

**VIII CONGRESO INTERNACIONAL DA ASOCIACIÓN
DE LOGOPEDAS DE ESPAÑA "NOVOS DESAFÍOS
E NOVAS COMPETENCIAS EN LOGOPEDIA"**

Datas: Do 24 ao 26 de novembro de 2011

Lugar: Valencia. *Organiza e informa:* Asociación
de Logopedas de España. Jorge Juan, 21, 2º
pta. 5. 46004 Valencia. Tfno.: 963 525 142

**ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CENTRE
D'ETUDES DE LA FAMILLE ASSOCIATION (CEFA)**

Ferraz, 24-Bj. Izq. 28008 Madrid

Tfno.: 915 412 933 / 670 646 848

**FORMACIÓN EN TERAPIA
SISTÉMICA CONSTRUCTIVISTA**

Datas: Novembro de 2011 *Lugar:* Madrid

Docentes: Robert Neuburger e Norma Mollot

GRUPOS DE SUPERVISIÓN DE CASOS

Datas: Novembro de 2011. *Lugar:* Madrid

Docentes: Robert Neuburger e Norma Mollot

**XIX SIMPOSIO INTERNACIONAL SOBRE
ACTUALIZACIONES E CONTROVERSIAS EN
PSIQUIATRÍA "NOVAS PERSPECTIVAS
EN DEPRESIÓN"**

Datas: 22 e 23 de marzo de 2012

Lugar: Barcelona

Organiza e informa: Unitat de Psiquiatria
do Hospital Universitari Germans Trias
i Pujol e Servei de Psiquiatria do Hospital
Universitari de Bellvitge

Secretaría técnica: Grupo Geyseco, SL
Marina, 27 Bajos (Villa Olímpica)
08005 Barcelona. Tfno.: 932 212 242

Fax: 932 217 005

E-mail: controversias@geyseco.es

Web: www.geyseco.es/controversias

**ACTIVIDADES ORGANIZADAS
POLO INSTITUTO GALENE**

Alba, 17. 28043 Madrid

Tfno.: 917 597 820. Fax: 917 219 840

E-mail: master@galene.es. Web: www.galene.es

**MÁSTER EN PSICOTERAPIA
HUMANISTA INTEGRATIVA**

Datas: De outubro de 2011 a xuño de 2012

Lugar: Madrid

**EXPERTO/A EN PSICOPATOLOXÍA
E PSICODIAGNÓSTICO DENDE UN ENFOQUE
HUMANISTA INTEGRATIVO (semipresencial)**

Datas: De xaneiro a xuño de 2012

Lugar: Madrid

MÁSTER EN TERAPIA DE CONDUTA

Datas: De xaneiro de 2012 a xuño de 2013

Organiza e informa: Fundación UNED

Leganitos, 17. 28013 Madrid

Tfno.: 914 540 113

Fax: 915 427 457

E-mail: master.terapia@psi.uned.es

Web: www.uned.es/master-terapia-de-conducta

ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCIÓNS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE SOCIEDADES
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL


AS SECCIÓNS

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO
DE E DISTINCIÓNS



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Membro da EFPA

Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9 a 14 horas
e de 16 a 21 horas, e os venres
de 9 a 14 horas

Verán

Do 1 de xuño ao 15 de xullo
De luns a venres de 8 a 15 horas,
martes de 17 a 21 horas

Do 16 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8 a 15 horas

Do 1 ao 30 de setembro
De luns a venres de 8 a 15 horas,
martes de 17 a 21 horas